



ANUNCIO

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 14 de febreiro de 2018**.

1. Apróbase o borrador da acta da sesión ordinaria do 7 de febreiro de 2018.
2. Apróbase o proxecto “Sistema de retención e desbaste automático de sólidos no bombeo de augas residuais de Loira I”, cun orzamento de 90.606,69 euros.
3. Apróbase o proxecto “Muro de sustento en A Roza”, cun orzamento de 33.662,71 euros.
4. Apróbase o proxecto “Pavimentación dos accesos á barriada de San Pedro”, cun orzamento de 89.752,16 euros.
5. Apróbase o proxecto “Muro de sostemento no acceso á praia do Santo en Casás”, cun orzamento de 33.856,79 euros.
6. Solicítase a participación no Plan de mellora de camiños municipais 2018-2019, da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, para a actuación denominada “Mantemento da estrada rural Chan de Piñeiro-Candóns (San Tomé-Marín)”, por importe de 40.567,00 euros.
7. Dáse conta das bases reguladoras do programa Depotermal 2018, da Deputación de Pontevedra.
8. Dáse conta das bases reguladoras e convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2018, da Consellería de Economía, Emprego e Industria.
9. **Rogos e preguntas.** Non se formulan.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, decidiu tratar pola vía de urxencia o seguinte asunto:

1. Solicítase subvención ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca 2014-2020, por importe de 28.006,93 euros, á Consellería do Mar, para o investimento “Instalación de baños no patio norte da praza de abastos”.
2. Adxudícase a obra “Mellora da accesibilidade á piscina municipal de Marín” á empresa Oresa, S.L., por importe de 103.813,21 euros, financiada polo Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan concellos) 2017, da Deputación de Pontevedra.
3. Solicítase subvención para a execución do proxecto “Ruta Monte e Praias”, por importe de 31.422,73 euros, ao abeiro das subvencións a entidades locais para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas, da Axencia Turismo de Galicia.
4. Solicítase subvención para sufragar parcialmente os gastos vinculados á celebración da “Festa de interese turístico de San Miguel de Marín e a súa Danza das Espadas”, por importe de 3.000 euros, ao abeiro das subvencións a concellos para o apoio, promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico de Galicia, da Axencia Turismo de Galicia.
5. Dáse conta do Plan de práctica laboral en servizos da Deputación e concellos da provincia de Pontevedra para o ano 2018.

A ALCALDESA-PRESIDENTA,

María Ramallo Vázquez.

Avda. de Ourense s/n, 36900 Marín (Pontevedra) - Teléfono 986 880 300 - Fax 986 882 013 - www.marin.es

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E300027CA100X4S9X5G6V8A7 en https://sede.concellodemarin.es	FIRMANTE - FECHA	DOCUMENTO 20190162977
	MARIA PILAR RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 20/02/2019 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/02/2019 12:55:49	Fecha: 20/02/2019 Hora: 12:55